



A terra vai dando froito por si mesma

ANO XXIX • Nº 779 - Do 29 de decembro ao 18 de xaneiro de 2009

FELIZANO ESPERANZADO TENRO VERDEE-  
LECTORALECUMENICOPACIFICOFEMININOSIN-  
XELOACOUGADOCREATIVORISEIROMILITANTE-  
AGARIMOSOREVELADORPARIDEIROXUSTOINS-  
PIRADODISCRETOHUMIDOTEPEDOAUSTERO-  
SENSUALREPOLUDOCOMPASIVOLINDOENERXI-  
COMATERNALRURALECOLOXICOROMAXEIRO-  
SUSTENTABLEGOZOSOEXPLORADORTRANQUI-  
LOMELLORABLENOVO REVOLUCIONARIO-  
MISTICO OCEANICO CRENTE INOCENTE FECUN-  
DO ANIMADO MOTIVADO SABIO BAILARIN SOLI-  
DARIO LIMPO CUMPRIDO GRATUITO IDILICO COM-  
PARTIDO CRITICO INCONFORMISTA EMOCIONA-  
DOS ANOIRREVENRENTE UTOPICORELAXADO I-  
LUSTRADO APAIXONADO MACANUDO EXCELEN-  
TERE CONCILIADO CONSCIENTE FRESCO BENFEI-  
TO AGRADABLE ROMANTICO IRIMEGO

# A foto que fala



Nasía pa desfilá.

## O trasno Sanedrín que te vin

Daniel López Muñoz



Se quedamos na anécdota non apreciamos o importante. Federico Lombardi, voceiro do Vaticano, desmentiu que aquel estado –predemocrático, si, pero estado- estea en contra de que a homosexualidade deixe de ser considerada un delito. Días antes os medios dixeran o contrario. Iso si, o voceiro vaticano matizou, con sutileza cardenalicia, que a proposta de resolución da ONU vai demasiado lonxe, pois abre portas ao recoñecemento de máis dereitos para as persoas homosexuais, posibilidades de vida, en positivo, digamos. Por iso non apoian a resolución. Seica de momento vai chegando con que non os maten.

Seguro que esa postura ten que ver coa sempiterna prudencia histórica amosada xa, con anterioridade, no feito asombroso de que o Vaticano tampouco teña asinado ata o de agora a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. E non porque non os celebre, que algunha celebración si lles fixo, senón porque deben considerarse algo así como nunha orde superior da realidade.

Esas son as cuestión de fondo. O si pero non, o distanciarse, con esa santa soberbia, do mundo mundanal e as súas perralleiras causas xustas ...ese é o problema. Golpe a golpe, argumento a argumento, vaise agrandando a conciencia que existe na

cultura actual de que a Igrexa representa unha postura insignificante –sen significado para a sociedade moderna-, allea aos procesos que fan humanizar as sociedades laicas –as emancipadas da súa única influencia-, e que segue centrada en criterios e formas que non teñen que ver co que debería xustificar a súa existencia, que é a humanización e a liberación do home...e da muller.

Entristece esa deriva sectaria dos xerarcas, que non queren ver o que vemos todos: a autoridade moral en mínimos históricos, perdendo os últimos trens, sen mereceren atención da xente nova, cada vez máis insignificantes, como unha seita máis, con dereito a existir, pero da que case ninguén espera nada, ou si, quizais algún “numerito” extra, de ganchete coa dereita, e coa “familia agraviada” polos masóns como desculpa.

A esperanza vive, seguro, pero na fronteira, no lugar dos censurados, das expulsadas, dos que conectan co home e a muller de hoxe, ao tempo que camiñan na historia por esa senda común, laica e universal da igualdade, da liberdade e da fraternidade. Non hai outra: o Sanedrín non cambia. A causa do axustizado tampouco.

# Editorial Entroido electoral

As eleccións galegas, o primeiro de marzo, significan que a campaña será, dalgún xeito, parte do Entroido. Non está mal, pero aínda que por veces sexan sospeitosamente semellantes, deberían ser cousas distintas.

Hai nerviosismo. Antes da crise as tendencias indicaban que o PP perdía catro, que se repartirían máis ou menos por igual entre BNG e PSOE. Boa colleita para os primeiros que conseguirían desmarcarse do seu fatal destino cando cogobernan co PSOE; a norma era que os réditos políticos ían para este último. Pobre colleita, en troques, para os socialistas, que rebaixarían as súas pretensións hexemónicas.

Aínda máis, parece que esas tendencias tiñan un matiz: o PSOE quitaríalle os votos ao PP nas cidades e o BNG daría ese mesmo paso nas provincias máis rurais.

## Todo vale en precampaña

Pero ultimamente a crise e os seus efectos son unha incógnita que pon nerviosos ao partido que preside o goberno galego e central. De momento os novos ecos das sondaxes disque recortan aquela vantaxe inicial, e que o BNG, porén, non é, en principio, prexudicado pola crise. Inmediatamente ponse a andar a maquinaria de La Voz de Galicia. Nada é casual de todo. A incerteza e o nerviosismo explican esa reacción dese grupo xornalístico nas últimas semanas: un ataque sistemático, unha tras outra, a todas as consellería nacionalistas. Todo vale en precampaña. E se ademais están molestos pola saída do “Xornal de Galicia”, un competidor que vén petando forte, máis aínda.

O escándalo do voto emigrante tamén está aí. E pode decidir un ou dous deputados. Ademais do control dos medios, esa é a outra baza.

Así as cousas, Feijoo, o gran descoñecido polo electorado, levanta cabeza. E aparte da campaña para darse a coñecer á xente, fai unha afirmación “O presidente electo o próximo 1 de marzo será o último que se elixirá con máis de 300.000 galegos, un 15% dos votantes, en depositar o seu voto en urna e nin sequera seren identificados”. Ese si é un bo Entroido, que faga esa afirmación de ética electoral un partido que se beneficiou dese mesmo sistema durante quince anos.

E como esa, as que están por vir.


## Rumores de esperanza

Xan Guillén

Cando leas este artigo estarás pouco antes (ou despois se o teu servizo de correos é tan malo coma o meu) de contar as uvas para acompañar as badaladas da noite de fin de ano.

Velaí van doce motivos para felicitar nos nesa noite:

1. Pola boa xente de Cáritas que loita por mellorar a dignidade da xente que o pasa mal nestes días. Polos usuarios desta obra.
2. Por todos os colaboradores de Irimia que facemos esta revista. Sobre todo polos da mesa de redacción. Vaia chollíño teñen.
3. Por toda a xente que dignifica as tradicións e costumes nosos. Recordade o meu artigo sobre a billarda.
4. Por Taizé e tantos sitios que buscan o diálogo relixioso.
5. Pola Romaxe. Pola da Pastoriza, pola de Aghiño... pola de Arousa 2010? (Eu comezo a campaña).
6. Polos bancos de tempo. Por toda a xente que se dedica a facer compañía uns a outros.
7. Polo novo xornal. De momento unha alternativa ao que xa había e con maior presenza do galego. Que dure.



8. Polos clubes de lectura que empezan a agromar por Galicia. Por todas as iniciativas que pretenden que haxa xente que goce lendo.
9. Polo departamento de marketing de Irimia, que segue facendo publicidade da revista. Xa van dúas veces que se fala dela en *Padre Casares*.
10. Pola investigación médica que vai avanzando para acadar éxitos e curar a persoas.
11. Por aquela xente que se lanza a falar galego aínda que non sexa a súa lingua (os neofalantes), sen complexos, sen colocar de momento ben os pronomes e sen estar obrigadas por fantasmas inexistentes de imposicións.
12. Polo que tes ao lado no momento de comer as uvas. Porque este ano foi especial porque el/ela estivo aí, aturándote.

Agora, coa boca chega de uvas, levantemos a copa coa bebida escollida e digamos que o 2009 teña berros de esperanza. Saúde

1



3



2



4



## A peneira

1

O 2009, **ANO DA ASTRONOMÍA**, conmemora os 400 anos da invención do telescopio por Galileo. Percibir que o movemento aparente do sol se axusta a un ciclo temporal foi un descubrimento lento. O calendario naceu en Exipto hai 7000 anos. A semana de 7 días e a hora de 60 m. en Babilonia. Na prehistoria, celebraban o SOLSTICIO DE INVERNO, coma se ve no Chan da Ferradura, no Amoeiro de Ourense, na aliñación de petroglifos, castros, rochas..., un sinal de observación astronómica, pola banda dos seus artífices. Coma demostraron no Observatorio Ramón M. Aller. Agora descubriron un novo planeta, o Bb, nunha distancia máis grande cá que hai entre terra e sol. Coordinados polo director do Observatorio, Xosé A. Docobo, na foto, na inauguración das II Xornadas "Vedra en Ciencia". Están a descubrirse exoplanetas, fóra do sistema solar, que xiran arredor de estrelas moi afastadas.

2

O **BACALLAU** popular, sobre todo no Nadal, foi moi socorrido nos tempos recios da posguerra. En Hío (Cangas), dende hai 3 anos, "Os últimos de Terranova" celebran unha xesta alongada nos tempos, dende comezos do s.XVI, cando nesta illa, medraron os secadoiros. Primeiro foron os bascos. Canadá expulsounos despois de 4 séculos. A comezos dos 70, faenaban 72 parellas e 19 bous, uns 2000 mariñeiros, a maioría do Morrazo. Hoxe son 4 parellas e 2 bous pescando en Noruega. Un peixe esquilado pola sobrepesca. No 1992 principiou a súa veda, que afectou a 40.000 traballadores de Terranova. Tres anos despois estoupou a "guerra do fletán". Non hai abondo recursos, para dar peixe a 1000 millóns que o consumen a diario, pescado ou criado en granxas por 42 millóns de persoas, o 75% de Asia. Pero tamén hai piratas que pescan dun xeito ilegal en máis de 1000 barcos. Na foto un bacallaeiro no xeo de Terranova.

3

O mercado **MEXILLONEIRO** baixou un 46% e o seu valor adquisitivo dos produtores descendeu a niveis de hai 10 anos. Houbo tensións cos transformadores, pois só se levan un 10% do produto envasado. A Politécnica de Lugo estuda o uso das cunchas coma fertilizante en terreos forestais, só ou mesturado con lodos de depuradoras, así coma material de construción ou asfalto.... Sempre utilizadas polos labregos para mellorar os solos, son na actualidade un problemaaaa, pois son máis de 80.000 tas. As 67 empresas conserveiras dan traballo a 11.950 traballadores, o 5% do emprego galego. As exportacións medraron no ano 2007, un 7,7%. O sector da transformación exportou 114.943 tas. (o 60% en A Coruña) de conservas, preparados, etc., o 65% de atún. Están a internacionalizarse: 200 pesqueiros faenan nos caladoiros de América, e varias conserveiras están a facer os preparados alí.

4

A **TOPONIMIA** bíblica remanece no Nadal, pero sobre todo a implicación de Xesús cos pobres, denunciando a falsidade dun mundo, onde 25.000 persoas morren ao día de fame, mentres os do G8 cean 19 pratos na xuntanza de Xapón. 4 días de guerra de Iraq reducirían a fame. Hai excedentes cando só se traballa o 44% da terra cultivable. Brasil é o 2º exportador de alimentos, e con outros do terceiro mundo produce o 50% da pesca, aínda que só consuman unha cuarta parte. Na foto, o xesuíta Fernando López, acollido na tribo yanonami. Con el imos, o 28, a BELEM do Pará, a rexión tikuna de 25.000 indios, e ao seu corazón, á Nova Jordania, á Asemblea de Movementos Sociais da Amazonia, previa ao Foro Social, o 26 de Xaneiro (o 1º foi no Porto Alegre no 2001), que vai reivindicar o dereito á autodeterminación de nacións coma Palestina, desterrada no seu territorio.

5



6



8



7



5

O Nadal vívese de distintos xeitos, como na literatura navideña, a anglosaxona dun Dickens: “Un conto de Nadal” (Ed. Xerais), ou a filosofía dun Tournier, “Os Reis Magos” (Ed. Xerais). Pero, os evanxélicos ou os 6200 Testigos de Xehová de Galiza, non celebran a Navidade coma os católicos.

### O CONSELLO EVANXÉLICO DE GALIZA

coordina a uns 10.000 fieis. Preto de 700 deles escolleron esta relixión na escola. Outros cristiáns celébrana o 6 de Xaneiro, o Día de Reis, coma os coptos de Exipto e Etiopía, os ortodoxos de Serbia, Rusia, etc., pois seguen o calendario xuliano, que nós trocamos polo gregoriano no s.XVI. Para eles a Epifanía, dedicación da Catedral dos patriarcas de Moscova, é o 19 de Xaneiro. Na foto un grupo de ortodoxos ucranianos cantan panxoliñas preto de Kiev. Para os 5000 musulmáns de Galiza, tamén ten outro senso, Só 10 cativos cursan nos colexios os contidos da súa crenza.

6

**O CONSUMO** medra no Nadal. O 36% de familias, as que contan con fillos menores de 14 anos gastan o 70% do total. Arrastran aos pais a mercar. Destinatarios da publicidade (120 millóns €), o 19% papa televisión 3 horas/día e o 11% 2 horas sentados coas consolas. Moi consumidores: 22 comercios/1000 habitantes (Lugo e A Coruña 25), mentres no estado son 21. Un concello ten 79 bares (en Pontevedra 123 e en A Coruña: 116), fronte á media de 40, e máis coches: 454 por 432. Un 30% máis de bares e tendas. Pero hai 387.000 galegos cun 48% da capacidade de compra da media estatal. Galiza conta con 34 centros comerciais de máis de 5000 m2 e a súa superficie comercial vai medrar un 57% nos próximos 3 anos. Pola contra, o 25% dos nenos sofren baixa alimentación. Mentres, hai quen loita contra as discriminacións comerciais. Jeni Rodríguez, na foto, gañou a edición de ideas empresariais innovadoras da USC, coa proposta de fabricar xoguetes para nenos con eivas auditivas, visuais, etc., adaptados ás súas minusvalías, porque os negocios escapan dun mercado restrinxido. Ata o 7, na Cova da Terra de Lugo podemos ver a exposición “Consume ata morrer”, de Ecoloxistas en Acción.

7

O 1 de xaneiro do 1959 Fidel entrou na Habana, culminando a verdadeira independencia que principiara 140 anos antes. Moitos galegos participaron en Serra Mestra, antes e despois. Celebrámolo coas fotos de Alberto Díaz (A Habana 1928-París 2001), sobre a Revolución cubana (1959-1968), recollidas en “**KORDA**, coñecido, descoñecido”. Pioneiro da fotografía submarina, mergullouse, nos fondos mariños da Illa, durante 10 anos, rexistrados no “Atlas de corais cubanos”. Foi fotógrafo nas viaxes de Fidel. Autor dun dos 10 mellores retratos da historia, o do Che, no enterro dos caídos na sabotaxe do barco *Le Coubre pola Cia*, en 1960, o máis reproducido no mundo. No flash dunha nena humilde, sentiu a crudeza da ditadura de Batista, e decidiu dedicarse á xesta que inmortalizou en 50.000 negativos: “Nese momento lembreime do discurso de Fidel, cando dixo que coa Revolución non ía haber nenas sen monecas...”. 185 países volveron a esixir a fin do bloqueio na ONU, votando en contra só EEUU, Israel e Palau.

8

Os xudeus celebran o “Hanukkah”, festa das luminarias, o 25, a recuperación do Templo de Xerusalén na dominación grega. O ano novo foi en outubro, comendo mazás con mel, para que o ano sexa doce. Os meses axústanse ás fases da lúa. O ano 0 foi a liberación de Exipto. No día do **HOLOCAUSTO**, o 27 de xaneiro, lembramos as irmás Lola, Xulia e Amparo Touza, na foto..., da cantina da estación de Ribadavia, que axudaron a escapar aos xudeus perseguidos polos nazis, vía Portugal. Dalí fuxían a América, Norte de África... A súa xenerosidade levounas, na guerra civil, a atender aos presos da cadea, fronte á súa vivenda, na xudería que están a restaurar, lembradas na placa como “loitadoras pola liberdade”, pola que foran detidas. A solidariedade foi tan exemplar, que quixeron soterrarse na liña “medianeira” que separaba o cemiterio do espazo reservado a “non católicos”, coma o seu compañeiro e cómplice contra os fascismos, o intérprete, Pérez Parada, de crenza evanxelista. Sen esquecer tantos galegos que morreron nos campos de Mauthausen, Dachau, etc.

Alfonso Blanco Torrado

# Política Os PXOM: urbanizando un municipio

Pedro Pedrouzo Devesa


Ese é o nome que recibe a norma básica que regula o urbanismo de cada concello que, aínda que é modificable ao longo da súa vixencia, serve para fixar os criterios urbanísticos dun municipio. Neste documento aparece tanto a forma na que crecerá a cidade coma que porcións dos núcleos rurais son urbanizables. De aí que un PXOM (Plan Xeral de ordenación municipal) sexa o lugar onde se defina a nosa forma de entender o cemento.

Mais, os PXOM non son só iso, senón que ademais son un dos instrumentos de maior calado de distribución da riqueza nun Concello. Pensemos como afecta a economía dunha persoa titular dun solar que este sexa urbanizable ou sexa rústico. De aí que cada vez que se aprobe un PXOM, os criterios que indican por onde pode crecer o municipio e por onde non, que terras son edificables e cales non, deben ser criterios obxectivos e claros. Se eses criterios non están moi claros é cando se evidencia a desprotección que sufriron moitos propietarios ao veren que eles non poden construír e o seu veciño si. É certo que nalgún sitio hai que poñer os lindes que separen distintos tipos de terreo, pero os urbanizables non poden aparecer coma flores de primavera onde menos o esperas.

Os PXOM sufren un dilatado proceso de elaboración por ser competentes para a súa aprobación tanto os Concellos como a Xunta. Ademais numerosos organismos teñen que informalos para ditaminar se determinados aspectos están ben recollidos e suficientemente protexidos (augas, elementos patrimoniais, infraestruturas, etc).

A urbanización dos municipios é tarefa de todos. Tradicionalmente foron documentos que se elaboraban de costas aos veciños que, por mor da súa complicación técnica eran (e son) inintelixibles. Porén, cada ano que pasa nos damos conta que cómpre coñecelos, porque non só os propietarios de solares están afectados por eles, todos os cidadáns gozarán ou padecerán un PXOM unha vez sexa aprobado definitivamente. Todos deben esforzarse en coñecelo cando aínda se está a tempo de mudar, é o momento da chamada exposición pública: momento que vai desde a aprobación inicial e a provisional ámbalas dúas feitas polo Pleno municipal. Ese é o intre no que hai que acudir ás dependencias municipais para comprobalo. Durante ese prazo de información pública que pode dura entre 1 e 2 meses, os cidadáns podemos presentar alegacións (pequenas protestas) para tentar mudar aquilo co que estamos en desacordo; aínda que só sexa ao comprobar que un peto de ánimas non figura recollido no catálogo de protección dese PXOM.

Feliz e saudable urbanismo para 2009





# O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

Acabei o ano retirado no ermo trapense de Armenteira. Compartín silencio e oración coas 10 irmáns do Císter, algunha xa velliña pero outras ben mozas, como Luján que fixo votos temporais nunha fermosa e sinxela celebración das vésperas. A nai priora sentou nunha cadeira e mantivo un diálogo con Luján, sen palabras fachendosas, todo con moita humildade e alegría. Non houbo máis festa que os bicos que a nova irmán foi dando as compañeiras e algunha bágoa que discorría como unha oración agradecida e fuxitiva . hai mais de 20 anos que estas monxas chegaron desde o mosteiro de Alloz, en Navarra para revivir o espírito de San Ero na aba do Castrove. Sabes unha cousa que me gustou moito? Que estas monxas sendo case todas de fóra de Galiza teñen unha gran sensibilidade cara a nosa lingua e mesmo van a clases de galego. Varios días celebran a misa en galego, e cantan as antífonas á virxe en galego e moitas das oracións dos oficios.

lá moito frío fóra do Mosteiro e mirábanse moitos cumios nevados desde o alto do Castrove. Andei por moitos camiños e quedei impresionado pola cantidade de regatos e fontes que rodean o mosteiro. A auga cantareira brinca por todas partes como acompañando a loanza das relixiosas. Atopei o camiño de San Ero e fun por alí por se miraba o famoso paxaro adormentador. Pero os mozos deben confundir o de Ero con Eros porque está todo ciscado desas porcalladas de látex, ti xa me entendes...co doado que é preservar a natureza! Amolado volvín ao cenobio.

As veces tamén miro friaxes desde a experiencia da vida; hai moita dor e moito desconcerto na xente. Naceunos unha meniña que se chama Esperanza e de Armenteira levo unha frase: "O trato con Deus ensina a ser amigo da xente". Debe ser verdade, as monxas de Armenteira teñen unha chea de amigos e amigas. Que haxa ventura!



## O CARRABOXO UXO por KOBÉ LOIS



# Debate aberto LAICISMO E SÍMBOLOS RELIXIOSOS

Benjamín Forcano



Aínda é frecuente ver crucifixos nas escolas públicas

Para axudar a esclarecer o tema, penso que hai que partir da realidade. E a realidade é que España é un país definida e predominantemente católico na súa historia. O factor relixioso fixo que, sen anular un pluralismo relixioso existente e ata o fenómeno dun certo ateísmo, a vida e a historia de España configuráronse baixo a inspiración do Cristianismo, cobrando enorme relevo na súa tradición cultural: literaria, filosófica, teolóxica, arquitectónica, artística, etc. Neste sentido, pódese entender que a Constitución no seu Preámbulo fale “de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio das súas culturas e tradicións” e tamén que “os poderes públicos promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico e dos bens que o integran” (Art. 46).

Na nosa situación actual, España consolidou un Estado Democrático e de Dereito, dentro do cal “todos os

condición cidadá, sustentada na súa dignidade de persoa -con dereitos e deberes derivados-. Somos pois todos laicos, tamén os católicos, como o son os demais crentes e non crentes. Dicar laicos neste caso quere dicir que todos somos iguais ante a lei e todos temos dereito á liberdade relixiosa.

Ao mesmo tempo, esta igualdade quere dicir que rexeita toda sorte de fundamentalismo excluínate (sexa relixioso, ideolóxico, ateo), pois o dereito a obrar individual e publicamente de acordo coas súas crenzas é de todos. Ninguén pode reclamar que, en nome do dereito a pensar e expresarse con liberdade, se negue a outros ese mesmo dereito. Eu católico, ti mulsumán, ti xudeu, ti budista, ti ateo, tes dereito a facer valer o teu dereito á liberdade relixiosa e non permitir que ninguén che imponha o seu denegando o teu.

Na práctica, desde a realidade pluralista en que vivimos, isto quere dicir que todos debemos traballar

## A tafera do Estado é asegurar o ben común

españois son iguais ante a lei sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de relixión” (Cap. II, Art. 14), polo que “ningunha confesión terá carácter estatal. Os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española e terán as consecuentes relacións de cooperación coa Igrexa católica e as demais confesións” (Cap. II, Art. 16,3).

### Todos somos laicos

Obviamente, por debaixo da aconfesionalidade do Estado, está como soporte e categoría ontolóxica, a laicidade, en virtude da cal todos os españois son e gozan dunha mesma

cunha visión de conxunto, humilde e realista: non estamos sós, convivimos con outros que en parte pensan e obran doutro xeito. Debemos vixiar polo dereito e o deber de todos: se nunha situación determinada alguén sente lesionado no seu dereito, debe reclamálo e lograr que llo atenda e respecte. Pero ten o deber de non invocar a priori a negación do seu dereito, para denunciar e negar o dereito dos demais.

Tal realidade pluralista é a que nos imos atopar a diario en proporcións variables, moi variables, sen que poida arbitrarse unha sentenza uniforme para todas.

Se cumprimos, como estamos



Os ateos defenden cada vez máis publicamente a súa condición

obrigados, e educamos como di a Declaración Universal dos Dereitos Humanos “para fortalecer os dereitos humanos e as liberdades fundamentais e favorecer a comprensión, a tolerancia e a amizade entre todos os grupos étnicos e relixiosos” (Art. 26,2), entón está claro que toda situación -singular e irrepitable- deberá ser analizada, valorada e resolta dando validez ao dereito de cada un e de cada grupo, co criterio básico de integrar a todos, dentro dos valores que nos unen e diferénciannos.

Tal solución é tarefa de cantos participan e son responsables na sociedade, pero máis directamente de quen a exercen dentro dun Centro, Colexio ou Entidade equivalente. Afirmar o propio dereito faise afirmando o dereito dos demais. É aí, na pluralidade tal cal se dá, onde poderemos todos, en diálogo, concordar unha solución que sexa democrática, xusta e pacífica.

### **O estado como garante de dereitos**

Que o Estado sexa aconfesional non quere dicir que sexa anticonfesional. O estado debe velar para que todos os cidadáns poidan ver respectados os seus dereitos e cumprir cos seus deberes. “Toda persoa ten dereito á liberdade de relixión; este dereito inclúe a liberdade de cambio de

relixión ou de crenza, así como a liberdade de manifestar a súa relixión ou crenza, individual e colectivamente, tanto en público como en privado, polo ensino, a práctica, o culto e a observancia” (Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Art. 18).

Este asegurar o *ben común*, é tarefa do Estado. Pero isto, non lle esixe ir contra o dereito de ninguén, nin establecer unhas normas xerais ríxidas, igualmente válidas para todos os lugares, pois serían seguramente inadecuadas e inxustas, senón que seguindo o principio de subsidiariedade, correspóndelle confiar na laicidade e dignidade común de todos os cidadáns, “tratando de asegurar aos pais que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral, que estea de acordo coas súas conviccións” (Constitución, Cap. II, Art. 27, 3) e dese xeito contar coa responsabilidade de quen, desde a realidade inmediata, mellor coñecen a situación e poden resolvela con realismo e prudencia.

### **Cara a unha cultura de comprensión, tolerancia e integración**

Baixando ao terreo concreto, penso que as situacións plurais non debesen converterse en situacións conflitivas, se existe, como se supón, bo sentido, respecto, intelixencia, diálogo e vontade de concordia entre todos.

Neste sentido, non entendo como adecuadas e positivas as sentenzas xudiciais que, en determinados casos, estanse dando con carácter supresor, simplemente porque algún ou outros cidadáns protestan ou din sentirse feridos no seu dereito á liberdade relixiosa e non respectar o carácter aconfesional do Estado. Eles teñen dereito a esixir o seu dereito, a probar se se lesiona e esixir que llo respecte na práctica. Pero non a requirir que, pola súa ideoloxía ou crenza diferente, se retiren por

exemplo os crucifixos da escola (cultura, costume, tradición, dereito doutros)/doutros).

Non é esa a cuestión. Quen pensan ou cren doutro xeito deben reclamar conxugar o seu dereito e deber cos dos demais. Mentres un se atope libre para obrar e manifestar como pensa, e así sexa respectado, non ten por que esixir que a outros se lles prohiba o que el reclama para si. A min crente, non me ofende que un ateo poida expresarse como tal, pois un e outro podemos compartir, aparte as nosas diferenzas, principios e valores básicos sobre a dignidade e dereitos humanos. Xunto á imaxe de Xesús de Nazaret, gábome de ter a imaxe do Che (chamado un Cristo político), pois entendo que ambos os dous concordan en valores de gran importancia e iso fai que os poida encomiar e ter xuntos como exemplo. A min, ateo, non me ofende a imaxe dun Crucificado nunha aula colexial, por significar e recordarme unha vida coherente ata o extremo coa xustiza, a igualdade, a liberdade e o amor aos máis pobres; nin a min, crente, me ofende a imaxe dun Che na mesma aula, pois me sobrecolle a heroicidade da súa loita que lle levou ata dar a súa vida pola xustiza e a liberación dos máis pobres.

Esta cultura de comprensión, tolerancia activa e integración é cara a onde camiñamos. Vimos certamente dun pasado onde as cousas eran doutro xeito, pero por moitos e bos motivos fomos cambiando, fixémonos menos dogmáticos e excluínos, e acabamos entendendo que uns e outros somos libres - nada vale moralmente se racha esa liberdade - e que podemos convivir pacificamente no respecto, diálogo e cooperación, sen necesidade de excluírmonos nin enfrontarnos.

Porque se é verdade que é moito o que nos diferencia, é moito máis o que nos une e nos fai irmáns.


# Manifiesto en defensa dos Reis Magos

Apoio aos nosos queridos reis magos, marxidados e esquecidos grazas a un invasor repoludo produto do consumismo compulsivo

Estes tres pobres venerables anciáns levan dous mil anos coa súa PEME, tendendo unicamente ao mercado español e sen intención de expandirse e están sufrindo unha agresión que ameaza con destruílos, polo cal reivindicamos a figura dos Reis Magos por:

1. Os Reis Magos son un símbolo da multiracialidade e nunca tiveron problemas de inmigración.
2. Os Reis Magos son fashion total, a súa elegancia no vestir non pasou de moda en dous milenios.
3. Se non existisen os Reis Magos, as vacacións acabaríanse o 2 de xaneiro.
4. Os Reis Magos son ecolóxicos, utilizan vehículos de tracción animal que co seu esterco contribúen a fertilizar o chan patrio (nada de trineos voando nin parvadas que non existen).
5. Os Reis Magos xeran unha chea de postos de traballo entre paxes, carteiros reais e multitude de xente que vai na cabalgata.
6. De Papá Noel pode facer calquera mixiricas, pero para facer de Reis Magos necesítanse polo menos tres.
7. Os Reis Magos fomentan a industria do calzado e ensinan aos nenos que as botas débense limpar polo menos unha vez ao ano. Pola contra, o Papá Noel esixe que se deixe un calcetín, peza proclive a servir de acomodo da roña, cando non de indecorosos tomates.
8. Os Reis Magos planifican detalladamente o seu traballo e retíranse discretamente cando acaban a función.
9. Santa Claus vive no Polo Norte e por iso é un amargado, os Magos son de Oriente, berce da civilización e por iso dunha elegancia non decadente.
10. Os Reis Magos tiveron un papel destacado no Nadal, Santa Claus é un trepa que trata de aproveitarse do negocio e que non participou en nada nos acontecementos do Nadal.
11. Os Reis Magos son dos poucos usuarios que manteñen en pé a minería do carbón en Asturias. Non o cambiaron por gas natural nin por lámpadas charramangueiras.
12. Os Reis Magos sábeno todo. Santa Claus non sabe outra cousa que axitar estupidamente unha campaña.
13. Santa Claus é un zoquete que non respecta os sentimentos dos renos de nariz colorado. Non hai documentado ningún caso de malos tratos psicolóxicos por parte dos Reis Magos cara aos seus camelos.
14. Os Reis Magos son agradecidos, sempre se comen as lambetadas que lles deixamos no prato.
15. Sen os Reis Magos non se inventaría o Roscón de Reis.
16. Finalmente, Santa Claus pásase a vida dicindo ?¡Jo, jo, jo!?. Risa forzada e sen sentido. Sinal de estupidez.





**UXFOR**  
 Unidades de Xestión Forestal  
<http://www.uxfor.info/>



**o monte  
 interesa**



- Polo seu valor.
- Polos beneficios que achega.
- Pola responsabilidade<sup>(\*)</sup> que temos os propietarios.

(\*)Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.



**As UXFOR son unha ferramenta que interesa porque podemos revitalizar a propiedade e beneficiarnos das vantaxes da xestión conxunta. Tel. de información: 881 997 047**



XUNTA DE GALICIA  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



# Ás furtadelas



“Paco Roca fala da dexeneración senil e do Alzheimer. Emilio, un antigo executivo bancario, é “aloxado” nunha residencia pola súa familia. (...) Lémbrese da súa infancia, esquece o que acaba de ler, síntese descolocado... *Arrugas* conta con precisión a batalla contra a vellez. Unha batalla sen armas pero non exenta de bágoas.”

Yves-Marie Labé. LE MONDE

Paco Roca: *Arrugas*. Ed. Astiberri. Premio Nacional de Cómic 2008.

http://

<http://www.cuentameunaopera.com/>

Páxina adicada á difusión da ópera entre os máis pequenos. Os argumentos operísticos aparecen coma contos que se poden ir lendo mentras se escoita a melodía. Ademais, tamén atopamos entrevistas con intérpretes, debuxos e recomendacións bibliográficas. Unha boa idea!

<http://www.bancomundial.org/>

Sabemos que é unha organización moi contestada, pero na súa páxina podemos atopar multitude de datos e informes de interese sobre aspectos de actualidade. É recomendable tamén a sección “You Think”, adicada aos máis novos.

<http://www.combonianos.com/editorial/>

Dentro da páxina xeral de Misioneros Combonianos está a sección adicada a súa editorial “Mundo Negro”, con máis dun centenar de publicacións moi variadas: podemos atopar desde unha gramática de suahili ata un estudo da fauna africana.

## Como dicíamos onte...

Entre os días 6 e 10 de decembro celebrouse en Santiago un congreso internacional sobre “Autonomía e Educación”, organizado pola universidade. Voces galegas dentre os participantes reclamaron unha meirande e millor atención ó ensino do galego que aínda non está regularmente implantado nas escolas e institutos e ó ensino en galego. (...) Pero se o goberno galego ten moita responsabilidade non é menor a dos pais e da sociedade galega. Coma cristiáns, as festas da encarnación de Deus son unha chamada a non desencarnar a nosa vida. Dar vida á nosa raíz humana, que é galega, dar nova vitoria ó noso idioma e con el ó noso pobo, é unha boa maneira de seguir o camiño de Xesús, que pra ser universal non lle foi obstáculo pertencer a un pobo pequeno, nen falar unha lingua de minorías.

# Boa Nova



## O ECO

Os Reis Magos existen, disto non hai dúbida, pero a súa historia carece de toda credibilidade. E non é que cuestionemos que á fin do s. I a.C., uns misteriosos personaxes chegados de Oriente fosen guiados por un astro até a unha pequena vila de Xudea para adorar e agasallar a un meniño que acababa de nacer, senón que nestes tempos que corren, de guerras preventivas e totais contra o terrorismo yihadista internacional, tres persoas, por moi magos que sigan sendo, sexan capaces de atravesar o convulso oriente medio e, sobre todo, ingresar no europeo espazo Schengen coas súas restritivas leis de extranxeiría. Con todo, continuaremos a buscar aquilo que nos deixaron cada 6 de xaneiro.

## A PALABRA

### DOMINGO 4 DE XANEIRO DE 2009. EPIFANÍA DO SEÑOR

**Mt 2, 1-12**

Xesús naceu en Belén de Xudea, en tempos do rei Herodes. E nisto uns magos de Oriente chegaron a Xerusalén preguntando: "Onde está o Rei dos xudeus que acaba de nacer? Porque vimos saír a súa estrela alá no Oriente, e vimos para lle rendermos homenaxe". Oíndo isto, o rei Herodes alporizouse, e con el toda Xerusalén. Convocou a todos os sacerdotes e letrados do pobo, para lles preguntar onde tiña que nacer o Mesías. Eles responderon: "En Belén de Xudea, que así o deixou escrito o profeta (...)". Entón Herodes, ás agachadas, chamou aos magos, para se informar ben de cando lles aparecera a estrela. Logo mandounos a Belén, dicíndolles: "Ide e informádevos ben do que hai dese neno; e unha vez que o atopedes, avisádeme, para ir eu tamén a lle render homenaxe".

Eles, despois de oíren ao rei, puxéronse en camiño. E, velaí, a estrela que viran saír do Oriente foinos guiando ata se deter enriba de onde estaba o neno. Grande alegría sentiron ao veren saír de novo a estrela. E cando entraron na casa atoparon o neno con María, súa nai. Postráronse e renderonlle homenaxe; logo, abrindo os seus tesouros, ofrecéronlle coma regalo ouro, incenso e mirra. Logo, avisados en soños de que non volvesen por onda Herodes, saíron para a súa terra por outro camiño.

## A CLAVE

Epifanía significa manifestación, darse a coñecer. Esta festividade cristiá que se xeneralizou na Igrexa a partir do s. IV, pouco tempo despois da fixación da festividade do Nadal, tivo a súa orixe entre as comunidades cristiás da parte oriental do Imperio romano. Estas comezaron a tradición de celebrar a manifestación de Xesús coma Fillo de Deus nunha data na que se superpoñían a outras antigas celebracións pagás que festexaban o solsticio de inverno. Dende este momento a Igrexa celebra a revelación de Xesús ao mundo pagán. Deste xeito, sen ter que pasar pola tradición xudía, o mundo pagán pode achegarse a Xesús e recoñecelo como salvador da humanidade. Os magos, unha terminoloxía que remite posiblemente a sacerdotes simbolizan a eses pagáns que na súa busca se achegan a Xesús. A tradición acabaría entronizándoos coma "Reis Magos", seguramente pola lectura que se fixo do salmo 72, 10-11. Boa proba do éxito desta festividade, a historia dos magos foise complicando con moitos detalles que non aparecen no texto de Mateo, o único evanxelista que recolle esta historia: así os seus nomes ou as súas características físicas, así como a tradición de agasallar, coma fixeran os magos con Xesús, aos máis pequenos nesta festividade, que se ben é coñecida en toda a Igrexa, ten unha especial relevancia no mundo hispano.

José A. Martínez

# O noso taboleiro

## Festa do Lume 2009: Crise de sistema, crise de utopías. Alternativas

O sistema recórdanos, nunca das súas crises recorrentes, todas as súas miserias. No en tanto, a cultura da esquerda arrastra, a súa vez, unha crise de identidade de longo percorrido.

Os grandes relatos foron empequeneándose e a disidencia refuxiouse en pequenas causas, tanxibles, locais, relativas. Semella que as organizacións clásicas só sobreviven na medida en que simbiotizan o poder. Fálase de recomposición do movemento alternativo. Hai tal?

A fe en clave de liberación participa do escenario. Comunidades de base, movementos de inculturación e relectura da fe desde o outro lado da historia –o que lle corresponde por nacemento–, sofren esa mesma crise de plausibilidade entre as novas xeracións. O retorno do relixioso prodúcese por outras vías: intimismo, autosanación, new age. Cal é o sentido de todo isto?

Compromiso de liberación e identidade cristiá e galega son aspectos nucleares da experiencia de IRIMIA. Queremos estar contra o síndrome NNA (Non hai ningunha alternativa). Pero participamos dos desconcertos culturais do momento: Cal é? Cales son? Por onde apuntan esas alternativas no social, no político, no relixioso?

Na festa do lume desde ano, para contribuír a unha reflexión sobre estes aspectos, botaremos man de dous amigos: **Camilo Nogueira Román e Victorino Pérez Prieto.**

Desde enfoques e traxectorias distintos e complementarios estimularán o debate necesario. Ide facendo sitio na axenda: **Pazo de Galegos, 7 de febreiro.**



FELIZANOESPERANZADOTENROVERDEELECTORALECUMENICOPACIFICOFEMININOSINXELOACOGUDOCREATIVOISEIROMILITANTEAGARIMOSOREVELADORPARIDEIROJUSTOINSPIRADODISCRETOHUMIDOTEPEDAUAUSTEROSENSUALREPOLUDOCOMPASIVOINDOENERXICOMATERNALRURALECOLOXICOROMAXEIRO.SUSTENTABLEGOSOXEPLORADORTRANQUILOMELLORABLENOVOREVOLUCIONARIO.MISTICOCCEANICOCRENTEINOCENTEFEUNDOANIMADOMOTIVADOSABIOMBAILARINSOLIDARIOIMPOLUMPRIDOGRAFATUITOIDIUCOMPARTIDOCRITICOINCONFORMISTAEMOCIONADOSANORREVENRENTEUTOPICORELAXADOILUSTRADOAPAIXONADOMACANUDOEXCELENTERECONCILIADOCOSCIENTEFRESCOBENFETOAGRADABLEROMANTICOIRIMEGO

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO



MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luis Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Agustín Bueno, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedron Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luis Aldegunde.

SUBSCRICIÓN: Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253

SUBSCRICIÓN: ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. Correo electrónico - irimia@wanadoo.es


CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / BBVA 0182-0267-15-0207905484

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 1.300 exemplares DESEÑO E MAQUETACIÓN: Níña, Riveiro, Martínez

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L. DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://www.vieiros.com/canaís/26/canal-irimia>

# Utopía



A terra vai dando froito por si mesma [Mc 4, 28]

# Falando da lingua Turismo lingüístico

Lidia e Valentina



Tódolos anos nestas datas dedicamos o noso espazo a cantares de reis e panxoliñas e por iso mesmo, para non resultar cansinas, ímosvos facer unha proposta para este tempo no que moitos teredes uns diñas libres. A proposta consiste en facer “viaxes lingüísticas”, si, si, unha nova modalidade que imos promover de cara a este Nadal e, se nos dicides que funciona, imos propoñerlle ás axencias de viaxes de cara ó 2009 que metan nas súas ofertas para épocas de crise o turismo lingüístico, que é aquí pretiño, podemos ir en coche, autobús ou tren e practicalo en fin de semana.

A que vén isto a conto? Pois ocorréusenos ó ver o gran descoñecido que é o noso idioma, nas súas diferentes variantes dialectais pero sobre todo nas súas variantes de fóra do territorio autónomo, o que se chama “galego exterior” e do que xa falamos o outro día. A xente chámamos abraiada para comunicarnos que non sabían que se falaba galego no Bierzo... pois isto hai que remedialo.

Viamos no número anterior que o territorio da antiga Gallaecia romana, onde o latín evolucionou cara ó galego, era máis amplo do que é hoxe Galicia. Chegaba ó río Navia en Asturias e ocupaba todo o Bierzo e un cacho do que hoxe é Zamora e mais o norte de Portugal (ata o Douro). O territorio do Miño cara ó sur seguiu unha evolución diferente nun país diferente, pero no resto do territorio da Gallaecia seguiuuse falando galego, o galego chamado “exterior”, que é o que se fala no occidente de Asturias, no Bierzo e nas parroquias zamoranas de Lubián e Hermisende.

Pero aínda hai máis, porque **tamén en Extremadura se fala galego!** Non nos credes? probade a facer ese turismo que propoñemos e ir falar coa xentiña de tres concellos, no norte de Extremadura, na parte occidental que linda con Portugal e Salamanca, que se chaman *Ellas, San Martín de Trebelle e Valverde do Fresno* onde se fala o galego medieval, o que eles chaman a **Fala**. Neses lugares ides atopar un galego algo arcaico, cunha sonoridade semellante ó asturiano que se conserva desde hai case nove séculos nesas tres aldeas que foron repoboadas con galego na reconquista encabezada por Fernando II e Alfonso IX de León e Galicia.

Veña, abrigarse e a viaxar para falar coa xentiña deses lugares ... e xa nos contaredes!

## O Fachineiro dos dereitos laborais

Doutores en economía ten Irimia que han saber valorar axustadamente a decisión do Parlamento Europeo de parar a xornada de 65 horas semanais. Nós, namentres, fixámonos na letra pequena dos xornais cando din que Gadisa –a empresa que vive coma galega pero que non vende leite de Feiraco- foi multada con 50000 euros por conculcar os dereitos dos seus traballadores e ameazar os que querían presentar a súa candidatura sindical pola CIG. Gadisa non está soa nesta teima. Hai pouco eran os traballadores de Froiz os que se reviraron contra o seu xefe; outras empresas



de alimentación con matriz alemá seica ata impiden falar as súas empregadas coa da caixa do lado –nin sequera en linguas maiores. Decía atinadamente o trasno hai uns anos nestas páxinas que a empresa privada funciona razoablemente ben cando é unipersoal, pero de aí para riba a cousa xa non ten amaño. Tanto ten que o empregado teña que comer un bocadillo na esquina da tenda ou que o indonesio cobre 300 euros por ir ao mar. Vivamos coma galegos: explotemos coma neoliberais!

A.Q.